

Número 12 - Ano 2025

ACTA

da sesión EXTRAORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

24 de novembro de 2025

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás oito horas e trinta e seis do día vinte e catro de novembro de dous mil vinte e cinco; baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, reúnense os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGOS VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión de Recursos Internos; DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Ilmo. tenente de alcalde delegado de Urbanismo, Deportes e Xuventude; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, concelleira delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO, concelleiro delegado de Movementos Migratorios; DONA MARÍA REIGOSA CASTRO, concelleira delegada de Cohesión Territorial; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, concelleiro delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DONA IRIA BUIDE PENA, concelleira delegada de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído o presidente.

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac5036539230047930880.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 24-11-2025

Esta sesión foi convocada por resolución da Alcaldía do 18 de novembro de 2025, e notificada por Secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/161 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 327/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O GOBERNO MUNICIPAL ADOpte INICIATIVAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO QUE DEAN SOLUCIÓN Á LONGA DETERIORACIÓN FÍSICA E SOCIAL DO BARRIO DO CARME (Exp. 2025/G004/000682).

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/161 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 327/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O GOBERNO MUNICIPAL ADOpte INICIATIVAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO QUE DEAN SOLUCIÓN Á LONGA DETERIORACIÓN FÍSICA E SOCIAL DO BARRIO DO CARME (Exp. 2025/G004/000682).- Vista a citada proposición que se presentou para o seu debate e aprobación nunha sesión plenaria de carácter extraordinario e cuxo teor é o seguinte:

“O barrio do Carme de Lugo está a sufrir un longo e irreversible declive físico das súas edificacións, así como económico e social da súa poboación, que veu desaparecendo deste dende a década dos 70.

A sucesión de promesas baldías dunha Alcaldía en mans do PSOE e BNG vén de moi lonxe. Xa no ano 2002, o edil J. Ramón Besteiro anunciou unha nova ordenación urbanística que solucionaría o problema existente. O goberno actual, a resultas de iniciativas do PP de Lugo, en febreiro 2023, anunciou o acordo para a creación de 40 prazas de aparcadoiro detrás da Capela. En setembro de 2023, prometeuse a modificación parcial do PXOM respecto á bolsa do barrio do Carme unha vez entrase en vigor o 5% do PXOM. En novembro de 2024, anunciouse un concurso de ideas para “avanzar na rexeneración” do barrio. NINGUNHA DESTAS PROMESAS FOI CUMPRIDA.

A realidade dos veciños é que hoxe non poden rehabilitar porque non é posible outorgar unha licenza, non poden vender porque non é posible valorar as propiedades, non poden hipotecar, polo mesmo motivo ningunha entidade bancaria

pode asumir o risco nin rendibilizar a propiedade, nin cunha licenza de actividade nin en arrendamento

É responsabilidade do goberno municipal encargar a redacción deste planeamento e aprobar o seu resultado. Pero, en vez diso, o que si tivemos foi a realización dalgunhas obras triviais, ou mesmo prexudiciais, como a eliminación dun pavimento pétreo filtrante, que databa de mediados do século XX, para a colocación doutro de formigón impermeable que agrava a xestión das augas pluviais e produce escoamentos ao longo dos camiños.

É necesaria a anulación das disposicións do plan existente e unha nova disposición espacial e urbanística para o ámbito de 87.753 m² de superficie que hoxe ocupa o Plan especial de reforma interior do polígono do Carme, P.E.R.I.6, incluído no Plan xeral de ordenación urbana da cidade de Lugo, de aprobación parcial definitiva no ano 2012.

Isto ha de facerse por medio de dous ámbitos de plan, novos e diferentes, para a superficie ocupada pola edificación consolidada e outro para a superficie sen esta, fixando unha ordenanza que posibilite a rehabilitación integral da edificación existente, baixo condicións de protección e reconstrución (ou ampliación) de acordo coa natureza da súa contorna

Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular, en consideración cos veciños do barrio do Carme e de toda a veciñanza da cidade, considera de interese municipal que o Pleno da corporación municipal ACORDE:

Asumir, por parte do GOBERNO MUNICIPAL, un COMPROMISO DE ADOPTAR INICIATIVAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO QUE DEAN SOLUCIÓN Á LONGA DETERIORACIÓN FÍSICA E SOCIAL DO BARRIO DO CARME.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor:	25	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

ASUMIR por parte do goberno municipal un compromiso de adoptar iniciativas de planeamento urbanístico que dean solución á longa deterioración física e social do barrio do Carme.

DELIBERACIÓN

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a palabra para comenazar o representante do Partido Popular, o señor Cabarcos, cando queira.

DON RAMÓN MANUEL CARBARCOS RODRÍGUEZ: Bo día a todos. Como xa saben todos vostedes, Lugo ten unha orografía na que case hai unha planicie na dirección sueste e noroeste, e iso dálle unha forma alongada a cidade. Perpendicularmente, a pesares da pendente, no nordés está o nodo de conexións ferroviarias e no suroeste a conexión co río, que é a través do barrio do Carme. E diso vou falar agora.

En 1969, o primeiro planeamento importante de Lugo incluíno nun plan parcial e eliminou a licencia directa neste intre, e en 1973 executouse a vía rápida de conexión norte sur da cidade. Antes era rápida, hoxe xa non, esa é a segunda ronda, a ronda do Carme. Estes dous factores foron os que propiciaron o declive deste espazo que chega ata hoxe, e o que lle queda se se prosegue con intervencións, que, para que vostedes saiban a que nos referimos, son de pinta e coloreira.

O PXOM de 1992, redactado por un Goberno do PP, deu unha solución realista a esta situación, pero non se materializou. En 2002 o Goberno municipal do PSOE, a través de Xosé Ramón Gómez Besteiro, anunciou unha rexeneración completa e en 2007 o bipartito autonómico, a través de Teresa Táboas, anunciou unha intervención para crear vivenda protexida neste espazo. Xa sabemos que ningunha das dúas cousas ocorreu. O PXOM de 2012 redactado polo Goberno do PSOE, volveuse a unha idea dun plan especial para a totalidade de 90.000 metros cadrados que ten este espazo e volveu a condenalo á ruína.

O grupo municipal do PP vén reclamando, dende hai anos, unha iniciativa urbanística que reverta este erro. Cal foi a resposta do Goberno municipal? O Plan DUSI, unha conexión da Muralla co río a través de algo que chaman MurallaMiñae, cunha aportación de 10 millóns de euros procedentes de fondos europeos empregados, por exemplo, a parte do carril bici, en novas pavimentacións, como lles gusta facer, o parque do Covid ou coñecido coliving de artistas. Poden crer de verdade que iso transforma un espazo? Só un pensamento case infantil, moi propio da esquerda política, pode crer que iso produce os efectos que en 2003 a alcaldesa de Lugo prometía.

O desenvolvemento residencial e comercial, fixar poboación e incentivar a rehabilitación, cun carril bici, cun pavimento novo, cun parque, soa a ridículo. Como a realidade imponse á fantasía, o barrio continúa a ser un páramo ausente de vida e, entón, neste intre, prometen máis cousas.

En febreiro de 2023 anunciaron un acordo coa Confraría do Carme para a creación de 40 prazas de aparcadoiro. No Pleno municipal de setembro de 2023, o Goberno anunciou unha modificación do PXOM unha vez aprobado o 5% pendente. E no Pleno municipal de novembro de 2024 o Goberno anunciou un concurso de ideas para a rexeneración do barrio. O PXOM que prometeron modificar está en vigor desde o 11-11-2023, e non se sabe nada. Non se empregou nin un euro dos 235.500 euros que a partida número 15.100 dos orzamentos de 2025 destinaba para ilo. Nin un euro. E tampouco nada se sabe dese estraño concurso, do que na prensa de onte xa dicían que non ten sentido.

O caos non pode ser maior no tratamento desta parte da cidade. En que situación estamos hoxe?, Agora xa non miran cara ao Carme, porque DUSI rematou e semellan estar satisfeitos polo feito alí. Tócalles agora á zona norte de Lugo, veciños que xa saben da súa ilimitada capacidade de gasto en ocorrencias sen proveito coñecido, como o disparatado barrio multiecolóxico, o hilarante impulso verde. Hoxe a rúa do Carme non ten o pavimento filtrante feito nos anos 50 e si un horroroso pavimento impermeable de formigón -recorden que hoxe digo aquí que dará problemas cando se produzan choivas importantes- pero cuns novos bancos e luminarias e namentres o que ocorre alí e que os veciños non poden rehabilitar a súa propiedade porque a normativa existente non llo permite, a normativa municipal. Non poden valorar para vender a súa propiedade porque non saben nin que nin cando poderán facer algo. Non poden hipotecar porque ningunha entidade bancaria quere asumir o risco. Non poden rendibilizar a súa propiedade porque non poden obter unha licenza de actividade. É máis, non só os veciños do Carmen, os veciños de Lugo, non poden facer valer o seu dereito para empregar o antigo cemiterio como aparcadoiro, un dereito que xa teñen, nin poden camiñar seguros pola rúa porque algunhas edificacións están a piques de caer, e non estou esaxerando.

Este é o resultado da intervención estándar que fan en todos os sitios: Eliminan beirarrúas, botan pavimento sobre o pavimento e colocan banquiños e farolas. Non fan cidade, imaxino que será porque ou non traballan, ou non saben, ou non se atreven, posiblemente.

Na seguinte intervención exporei cómo e qué facer para poder cumprir coa obriga de xestionar urbanisticamente con este barrio e co resto da cidade para que poidan dispoñer del estes veciños e o resto dos lucenses.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pois moitas grazas, señor Cabarcos. Agora ten a quenda de de réplica o voceiro municipal, o señor Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas alcalde. Primeiro, o PXOM aprobado no Concello de Lugo ten que ter os informes favorables da Xunta de Galicia, entón non é que só é o Plan xeral do Concello de Lugo aprobado polo PSOE e BNG, tamén a Xunta de Galicia ten que posicionarse que informou favorablemente. E despois, ben, en relación á normativa municipal que nomeou,

tamén o artigo 90 da Lei do solo de Galicia, a 2/2016, tamén di que os edificios fóra de ordenacións só poden ter labores de conservación e mantemento. Entón non lle bote a culpa só ao Plan de xeral.

E imos falar agora mesmo da proposición porque leva un pleno extraordinario falando do esquecemento que o Goberno municipal di que ten no barrio do Carme. Dóeme especialmente porque o esforzo municipal -entendo que o recollido na súa proposta é obrigado a nivel partidista-, pois temos promesas incumpridas cando dende o punto de vista orzamentario das administracións con competencias dentro do barrio do Carme somos os que máis apostamos por el.

E vamos incidir primeiro nas intervencións do Departamento de Arqueoloxía, o de Arqueoloxía municipal, que liderou durante varios anos diferentes actuacións arqueolóxicas no 1992, 1994, 2005, 2019, e a prensa, fíxose eco destas intervencións. No 2021, onde foi atopado, sen ir máis lonxe, unha domus romana datado do século tres. Entón estamos traballando neste barrio. Analizando máis actuacións, tamén o Goberno de Lara Méndez, como dixo vostede, investiu preto dun millón de euros na recuperación da praza e da rúa do Carme, onde o que para vostedes significa pavimento e coloreo -non me cambiar os termos, que di pinta e coloreo e pavimento e coloreo-, para o Goberno municipal é unha renovación da rede de abastecemento, saneamento, soterramento do tendido eléctrico e a instalación dun novo alumbrado público. E di vostede, eu creo que hai bastante diferenza entre o 2009 e o 2025, é a saída do Camiño de Santiago (ensina fotos). Os peregrinos necesitan ver que estamos traballando para que poidan saír da cidade, evidentemente, non cun pavimento e coloreo, ou segue gustándolle que vaian ás redes de tensión por encima? Están soterradas, entón non poñemos formigón, facemos a renovación das infraestruturas públicas. Entón, dende aquí creo que a nivel orzamentario hai unha diferenza bastante grande entre o esforzo municipal e o esforzo autonómico.

Pero, quitando este pequeno repaso polas intervencións dos últimos anos, sobre todo, pues esta primeira parte da proposición apocalíptica que levamos hoxe a Pleno, pois hai que analizar a segunda parte da súa intervención, que si que ten bastante lóxica, entendo que esa si que a desenvolveu vostede.

A casuística do barrio de Carne é digna de ser estudada, incluso de ser una tese doutoral, a complexidade urbanística da zona, pois é necesario analizala dende diferentes puntos. O primeiro, que as competencias da Xunta, no Decreto do 97, onde regula as actividades arqueolóxicas da comunidade autónoma, no seu artigo 3 xa menciona que Patrimonio da Xunta ten as competencias nas actuacións arqueolóxicas, polo que dende aquí solicitaremos formalmente, como así tamén se fixo eco o conselleiro José Campos, de solicitar á Xunta que inicie os traballos para as prospeccións arqueolóxicas. Isto hai que telo en conta, pero aínda queda unha de maior envergadura, que creo que, ademais, me vai dar a razón. Ben, isto é un arquivo... (ensina unha foto)... sacado da páxina de Patrimonio: o Camiño de Santiago pode discorrer pola rúa Santiago ou pola Porta Miñá. Que pasa? No noso PXOM aprobado no 2012, xa anteriormente 2011, o Camiño de Santiago aprobado, con informe favorable da Xunta, saímos por Porta Miñá e logo imos pola Vía XIX, co

seu entorno de protección. Por tanto, isto está mal, isto hai que modificalo, pero aquí hai unha cousa importante, porque xa non é só que hai que modificar o PXOM a nivel do contorno de protección que ten o Camiño Primitivo, a Vía 19, esa vía que une Braga con Astorga, pasando por Lucus Augusti, esa vía que, ademais, era a vía antonina onde o noso pasado romano está presente, tamén, creo, que debería a Xunta de Galicia, neste caso Patrimonio, coas súas competencias, analizar se é necesario que teña entorno de protección e, ademais, tamén hai unha serie de construcións datadas de períodos anteriores, que, ao mellor, sería necesario facer unha clasificación delas para saber se teñen valor arqueolóxico patrimonial. Isto ademais o di e o refunde a lei de Patrimonio Cultural, a 5/2016, que vostede ben coñece, declaración interese cultural por oficio de ... Patrimonio cultural, e despois sen esquecermos que tamén faltan os informes favorables da administración competente en materia de augas, porque, como vostede sabe e saben tamén os veciños, había alí fontes, como a fonte do Carme, que unha fonte histórica, onde eu penso que nesta proposición que estamos a falar é indispensable que a administración competente tamén se pronuncie en ... co Concello de Lugo. O compromiso do concurso de ideas de Paula Alvarelos era firme e está, como vostede dixo, recollido nos orzamentos 2025, que despois diremos se o ano que vén -na seguinte intervención- seguiremos utilizando esta partida para o concurso de ideas ou o utilizamos para outra cousa.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o seu tempo. Moitas grazas. Ten agora a palabra o señor Cabarcos. Cando queira.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: De todo o que dixo agora, chámame a atención que se fixa vostede no feito, pero non nos resultados. Despois de 26 anos de goberno e con todas esas cousas que comentou, o resultado é que o barrio e as súas edificacións seguen estando exactamente igual, non moitísimo peor. De feito, fala vostede de edificacións de fóra de ordenación, segundo a Lei do solo, pero quen pon esas edificacións fóra de ordenación? A Xunta de Galicia, a Lei do só pon esas edificacións fóra de ordenación? ¿Sabe vostede que nas puxo? Púxoas o Plan xeral que redactaron e aprobaron vostedes. Dime tamén que estamos esperando, dío na prensa tamén, que estamos esperando por unha escavación, ¿vaille dicir aos veciños do barrio do Carmen que non poden rehabilitar as súas casas e que teñen que esperar a que a Xunta de Galicia leve a cabo unha escavación en superficie de 90.000 metros cadrados? Iso é o que está a dicir? Para que lles dean permiso para poder rehabilitar a súa casa, unha escavación dese tipo? Supoño que será iso mesmo que lles dirá aos veciños da Tinería, da rúa Nova, de Recatelo ou de San Roque, onde tamén hai restos arqueolóxicos que teñen que esperar a facer unha escavación en superficie para rehabilitar as súas casas. Neses puntos da cidade tamén existen restos arqueolóxicos, e non sei porque non castigan a eses veciños como están castigando aos veciños do Carme. Para cando esa escavación estea feita, non caeu á casa que lle dicía hai un momento que está a piques de caer, caeron todas.

Supoño que coñecen o dito de que un elefante cómese bocado a bocado, pois voulle dicir o primeiro que teñen que comer. Este PXOM, este que lle vou asomar amosar, este de aquí, (amosa uns planos) é o PXOM do ano 1991, aprobado por un goberno do alcalde Tomás Notario. Neste planeamento, a ordenanza de edificación consolidada preservaba a parte de arriba do barrio de entrar no plan parcial que hoxe engloba todo o barrio. Con este planeamento esas edificacións dos veciños que hoxe pretendían investir alí estaba respectada, os seus propietarios puideron facer obras de arranxo ou rehabilitacións, tal e como permitía esta normativa. Co plan seu de hoxe, a planificación da rúa do Carmen, o de Noriega Varela ou as colindantes entran dentro do perímetro do plan actual e, por tanto, impedidas para levar a cabo todo o que dixemos e estarán condenadas a estar así por moitos anos máis porque se negan a modificar o planeamento coa desculpa de que teñen que facer unha escavación en superficie de toda a totalidade do PERI, que son 90.000 metros cadrados. Parécelles unha boa idea? Como se lle pode explicar aos veciños que teñen que esperar a escavar 90.000 metros para poder rehabilitar unha casa? Revertan o criterio deste plan, iso é o que teñen que facer, e verán así que esta vez, de verdade, sen fantasías, o investimento, a rehabilitación e a vida puidesen volver a existir no Carmen e, incluso, que pouco a pouco atoparemos unha solución para o resto destes 90.000 metros cadrados, e, por suposto, deste xeito dámonos conta de comer ese elefante bocado a bocado.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Segunda quenda para o señor Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas alcalde. O Plan de 1990 foi impugnado. Si, correcto, entón a ordenación xa non puido saír e houbo que tomar outro tipo de medidas.

Despois, do que dixeran antes non entendeu nada, porque eu non estaba falando só de facer as escavacións e estudos previos, estou falando de que hai que facer un estudo e tamén de catalogación dos edificios que teña un valor patrimonial e cultural, como así reflicte nas teses doutorais que están aprobadas dentro da Universidade de Santiago de Compostela.

E o que quería dicir é que a asistencia técnica para a modificación puntual do PERI 6 non se puido levar a cabo porque hai aínda moitas cousas que facer para ter unha seguridade xurídica do que se pode facer alí, De acordo? Ese orzamento que temos contemplado, como ben dixo, na partida 15.100 este ano vai ir, xa se fixo a retención de crédito para unha modificación puntual do PXOM no barrio da Quinta de Pérez e tamén no polígono C de Paradai, mantendo o compromiso que temos cos nosos veciños e tamén cunha modificación puntual do PEPRI que son necesarios para executar dúas unidades de actuación moi importantes dentro da cidade. Pero despois imos ver se nos poñemos de acordo. A iniciativa para reactivar o barrio do Carme, que xa levamos tempo traballando, voulla a explicar en tres pasos: Primeiro, imos a instar á Xunta de Galicia a realizar os estudos arqueolóxicos previos, vale? o cal o propio conselleiro xa está de acordo en que se

pode facer. Despois, estudar os contornos de protección dos camiños, porque o Primitivo xa o ten, pero a Vía XIX tamén habería que estudar a ver se a metemos dentro desa catalogación de patrimonio, e estudar as edificacións existentes e catalogalas e, de ser o caso, para que a veciñanza teña unha seguridade do que se pode acometer alí. Non estou falando só de facer escavacións, estou falando de facer un estudo de todo o barrio do Carme. Despois haberá que estudar tamén as láminas de auga que existen dentro desa bolsa de solo, como vostede sabe, e despois acometeremos unha modificación puntual do PXOM, cun concurso ideas, onde poidamos modificar a ordenación actual dos viais, que tamén si que é verdade que hai modificalas, e tamén analizar a edificabilidade da contorna.

E vou rematar neste último minuto porque, a verdade, levamos un tempo no que estamos a traballar nunha situación complexa e, de repente, cando estamos a piques de rematar, é o Partido Popular quen saca una proposición, e nesa proposición, a sabendas de que xa está rematada, para apuntarse o gol. Evidentemente votamos en contra, é verdade que votamos en contra, pero non podemos nin debemos permitir que outros vendan o traballo que estamos a realizar durante tanto tempo.

Pero non contentos con iso, como di vostede, aos veciños dinlles que gracias a vostedes, grazas a vostedes, estamos desatascando a situación da cidade, cando levamos moitísimo tempo traballando nestas actuacións, e despois din que se votamos en contra nun pleno, o que facemos é ... non mira é que están votando en contra de desatascar este tema e iso, ao final, é crear crispación coa veciñanza, cousa que estamos vivindo neste salón de plenos ultimamente.

Entón, que votamos hoxe? Díciñoslle que si, adquirindo un compromiso que xa estamos realizando, como antes dixen, de acordo?, ou collemos e dicimos que non porque xa temos unha folla de ruta, como lle acabo de explicar.

O respecto institucional creo que debemos telo todos. Vamos a votar que si, porque estamos comprometidos co barrio do Carme, pero me parece bastante triste a situación que estamos a vivir neste salón de plenos.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o tempo. Última quenda para o señor Cabarcos.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Pois non se que contestarche. Van votar que si, pero están moi tristes, pois eu estou contento. Ou sexa, que realmente imos sacar unha modificación do PXOM para adiante, van poder rehabilitar as casas do Carme, fantástico, fantástico. Saíu todo moi ben, moitas grazas. Non van facer falta outros 26 anos de desculpas, de buscar problemas previos á modificación do PXOM, imos sacar a edificación consolidada do Plan especial de reforma interior no que atinxe á zona que está unha vez franqueamos a Porta Miñá, pois fantástico, estamos contentos, conseguido, acadado, fantástico... (voces de fondo inintelixibles) ... non, co resto non, con votar a favor si, co resto non... Rematei... Grazas.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Moitas grazas, señor Cabarcos.

Pois eu, aínda que o señor Bustos o explicou claramente, si que quería facer un pequeno apuntamento, e é que lamentablemente non lles podemos apoiar a proposición porque xa estamos traballando, como lles explicou perfectamente o señor Bustos, e, mire, se realmente tiveran esa vontade de avanzar e mellorar o Carmen e atender aos veciños, ao mellor, máis que presentar esta proposición nuns aspectos que xa estamos traballando, pois sería interesante que nos axudarán, usaran influencias a instar á Xunta a que faga canto antes ese estudo perceptivo para que non caian esas casas, que vostede di que van a caer. E logo hai outra cousa, o que dixo moi ben tamén o señor Bustos, que é que ultimamente aquí é practica habitual que cada vez que teñen coñecemento desde o Partido Popular de que presentamos un proxecto ou que iniciamos unha obra, inmediatamente saen reivindicándoa e tratando de apropiarse dela. Entón, paréceme ben, cada un ten a súa dinámica de traballo, os veciños saben perfectamente a autoría de cadaquén, pero se realmente queremos ser propositivos, eu dígolle, independentemente disto que xa se está facendo, que nos axuden a influír para que a Xunta realice canto antes os estudos necesarios para, a continuación, facer todo iso. E, se nese momento non avanzamos, é cando nos teñen que sacar as cores e vir aquí a chamarnos a atención. É a miña opinión. Moitas grazas e imos votar.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a o Excmo. Sr. alcalde dá por rematada a sesión, ás oito horas e cincuenta e sete minutos do expresado día vinte e catro de novembro de dous mil vinte e cinco, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ao Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno, dou fe.